

BASES DA CAMPAÑA DE NADAL 2024 DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) organiza a Campaña de Nadal 2024 que se desenvolverá entre o 12 e o 29 de decembro de 2024.

A campaña consiste nun sorteo de 35 premios por un valor total de 1.410 euros. Para participar no sorteo, os clientes terán que conseguir boletos da campaña que repartirán os negocios asociados coas compras.

PREMIOS

Sortearanse 35 premios por un valor total de 1.410 € entre todos os participantes.

LISTAXE DE PREMIOS

PREMIO	ONDE SE PODE GASTAR?	VALOR
1 ACEBECHEQUE PARA CONSUMIR EN	ESTABLECEMENTOS ASOCIADOS A ACEBE CCA	200 €
2 ACEBECHEQUE PARA CONSUMIR EN	ESTABLECEMENTOS ASOCIADOS A ACEBE CCA	150 €
3 ACEBECHEQUE PARA CONSUMIR EN	ESTABLECEMENTOS ASOCIADOS A ACEBE CCA	150 €
4 VALE DE 100 € PARA CONSUMIR EN	GADIS	100 €
5 VALE DE 50 € PARA CONSUMIR EN	GADIS	50 €
6 VALE DE 40€ PARA CONSUMIR EN	RESTAURANTE CHO	40 €
7 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	BICOS	30 €
8 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	CHOCOLAT	30 €
9 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	COMERCIAL VEIGA	30 €
10 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	DANS	30 €
11 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	EL CANTÓN ROPA INTERIOR	30 €
12 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	JOYERÍA FINA CARABEL	30 €
13 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	LARPEIRADAS BABEL	30 €
14 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	LENCERÍA ALICIA	30 €
15 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	MIRAQUELINDA	30 €
16 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	ÓPTICA BRIGANTIUM	30 €
17 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	ÓPTICA-PARAFARMACIA SELGAS	30 €
18 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	XOMA KIDS	30 €
19 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	LIBRARÍA BIBLOS	30 €
20 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	ZENTRAL ÓPTICA BETANZOS	30 €*
21 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	ZENTRAL ÓPTICA BETANZOS	30 €*
22 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	ZENTRAL ÓPTICA BETANZOS	30 €*
23 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	ZENTRAL ÓPTICA BETANZOS	30 €*
24 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	ZENTRAL ÓPTICA BETANZOS	30 €*
25 VALE DE 30 € PARA CONSUMIR EN	SUSANA PÉREZ AGUIAR- OCCIDENT	30 €**
26 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
27 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
28 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
29 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
30 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
31 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
32 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
33 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
34 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
35 VALE DE 15 € PARA CONSUMIR EN	ECOLAUNDRY	15 €
IMPORTE TOTAL		1.410,00 €

*PARA DESCONTO NA COMPRA DE GAFAS. CONSULTAR CONDICIÓN NA TENDA

**A DESCONTAR EN CALQUERA MODALIDADE DE SEGURO QUE SE CONTRATE NOVO NA OFICINA OCCIDENT DE SUSANA PÉREZ AGUIAR

Os tres primeiros premios da lista pódense gastar en calquera dos comercios asociados e o resto corresponden a vales facilitados polos comercios colaboradores e só poden consumirse nestes.

REPARTO DE BOLETOS

Os participantes no sorteo poderán conseguir boletos nos establecementos asociados a ACEBE CCA entre o 12 e o 29 de decembro de 2024 ao realizar as súas compras. Para que o boleto sexa válido, deberá estar selado polo establecemento emisor. Será criterio do responsable do establecemento decidir o número de boletos que se entregarán a cada cliente en función do volume de compra e ata fin de existencias.

BOLETOS

Cada boleto estará dividido en dúas partes: a parte principal, que é o resguardo que se entregará ao cliente, e a súa matriz, que deberá conservar o establecemento emisor. As matrices deberán estar seladas polo establecemento emisor, e estarán numeradas (tanto o recibo do ticket como a súa matriz identificaranse co mesmo número de serie).

RECOLLIDA DE MATRICES

Se a matriz non está selada polo establecemento emisor, non será válida.

As matrices serán recollidas pola organización entre o 30 de decembro de 2024 e o 2 de xaneiro de 2025 para participar no sorteo. É responsabilidade do establecemento facilitar a entrega e/ou entregar á organización as matrices dos boletos repartidos entre os clientes para a correcta execución do sorteo. Aqueles comercios que non puidesen entregar as matrices no momento no que a organización pase a recollelas poderán entregalas, para que entren no sorteo, na sede de ACEBE CCA, localizada na Praza Mestre Xosé Dapena 1. Poderán entregarse os días 2 e 3 de xaneiro de 2025 (de 10:00 a 14:00 horas) A organización non se fai responsable de calquera extravío ou perda de matrices por parte do establecemento comercial.

SORTEO

Os premios repartiranse mediante un sorteo ante notario que se realizará o 8 de xaneiro de 2025, salvo causa de forza maior. Do total de matrices recollidas, extraerase un número gañador para cada un dos trinta e cinco premios. O resultado do sorteo comunicarse a través do número de xaneiro da publicación "Betanzos e a súa comarca" e da páxina web www.comerciodebetanzos.com.

RECLAMACIÓN DE PREMIOS

Para recoller os premios, os posuidores dos boletos gañadores deberán dirixirse a ACEBE CCA a través do número de teléfono 981774574 ou presencialmente na sede de ACEBE CCA localizada na praza Mestre Xosé Dapena 1 de Betanzos (de luns a venres en horario de 10:00 h a 14:00 h.) antes do 24 de xaneiro de 2025 ás 14:00 h e deberán acreditar a posesión do boleto gañador no mesmo prazo. É obrigatorio presentar os boletos en perfecto estado e lexibles.

CONDICIÓNS XERAIS DO SORTEO

Os gañadores ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña de Nadal 2024 de ACEBE CCA. En ningún caso unha mesma persoa poderá resultar gañadora máis dunha vez no sorteo. Tampouco poderá resultar premiado máis dun boleto selado polo mesmo establecemento.

Non poderán participar no sorteo o propietario, empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar con boletos emitidos por outros establecementos asociados. En ningún caso poderán participar empregados de ACEBE CCA nin membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios só se entregarán a persoas maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos, a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os premios non se poden cambiar polo seu valor en metálico.

Os participantes poderán consultar as bases desta promoción, durante o período no que estea vixente, na páxina web www.comerciodebetanzos.com.

A participación no sorteo implica a plena aceptación das bases.